

Criterios para avaliar e cualificar o 3º trimestre do curso 2019/20 do departamento de Xeografía e Historia.

Dada a excepcional circunstancia do 3º trimestre:

Procedementos: Terase en conta a realización de todas as actividades propostas durante este período excepcional que coincide co 3º trimestre, publicadas na páxina web do centro.

Instrumentos: Os do 3º trimestre, que coincide coa cuarentena, serán:

- Tarefas semanais a base de exercicios, traballo tic (presentación, traballo con páxinas web), cuestionarios on line.

Cualificación final: Farase a media das notas obtidas nas dúas primeiras avaliacións. Esta poderá sumar ata dous puntos en función do traballo durante o terceiro trimestre. Terase en conta a correcta realización, presentación, ortografía, envío nos prazos establecidos.

Setembro: Proporcionar ao alumnado unha serie de actividades relacionadas cos contidos tratados antes da suspensión das clase e de ser posible, realizar unha proba escrita sobre eses contidos. De non ser posible, avaliar as actividades que serán entregadas en setembro, vía presencial ou telemática, en función da situación sanitaria vixente.

Alumnado con materia pendente:

Criterios da avaliación:

Na circunstancia actual, os alumnos que aprobaron o primeiro exame, cualificaráselle o traballo proposto despois do primeiro exame.

Para os alumnos que suspenderon ou non se presentaron á primeira convocatoria de exame, pediráselles tamén que completen un caderno pequeno de exercicios, que integrarán a recuperación do devandito exame. Como no caso anterior, os exercicios colgaranse na páxina web do centro.

Criterios de cualificación:

Execución axeitada do traballo. Teráse en conta, a maiores, a presentación, a correcta ortografía.